

A maxia da POLINIZACIÓN

A polinización é unha parte esencial da reprodución das plantas. É o proceso de transferencia do pole dos órganos masculinos aos órganos femininos das flores, producindo a súa fecundación e dando lugar a froitos, sementes e novas plantas. Neste transporte interveñen os axentes polinizadores, auga e vento, así como seres vivos moi diferentes, dende os insectos ate algunhas aves e morcegos. Entre os insectos veremos himenópteros (abelas, avespas e abellóns), lepidópteros (bolboretas e avelaiñas), coleopteros (escaravellos) e dípteros (moscas).

POR QUE É TAN IMPORTANTE A POLINIZACIÓN?

Plantas e polinizadores evolucionaron conxuntamente dende fai millóns de anos. Mediante a selección natural foron conseguindo adaptacións físicas especializadas que favorecen a polinización. O 90% das plantas con flores dependen de preto de 200 000 especies de animais polinizadores. A verdadeira importancia da polinización é que é a responsable de manter forte e san os ecosistemas. Da polinización depende a biodiversidade e a produción de alimentos. Segundo datos da FAO o 75% da alimentación mundial e o 90% das flores silvestres dependen da polinización dos insectos (International Platform on Biodiversity and Ecosystem Services, IPBES 2016).

Sen abellas, bolboretas e outros polinizadores a maior parte das froitas e hortalizas deixarían de existir co que caería drasticamente a produción mundial de alimentos. O valor da polinización é inmenso e é de balde. É un servizo ecolóxico e un agasallo excepcional que nos fan de balde os insectos polinizadores.



COMO PODEMOS AXUDAR AOS POLINIZADORES?

As poboacións de insectos polinizadores están en risco. Dende fai décadas están sufrindo os efectos de perda e degradación do hábitat e o uso impropio de pesticidas/praguicidas e herbicidas. Podemos axudar creando hábitats propicios para eles que serán tamén saudables e de uso recreativo. So necesitan plantas que aporten néctar e un niño onde vivir. O feito de engadir diversidade de plantas autóctonas fomenta a presenza de polinizadores adaptados ás condicións locais.

QUEN VAI HABITAR O ALBERGUE DOS POLINIZADORES?

Diferentes especies de polinizadores van ocupar este albergue, desde abellas solitarias, avespas, abellóns e outros insectos que tamén axudan nesta imprescindible labor polinizadora, aínda que as abellas do mel sexan os máis importantes con diferenza.

